

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. [Prazas de profesor visitante no Departamento de Estadística da Universidad Carlos III de Madrid](#)
2. [Praza de técnico de apoio na Rede TMATI](#)
3. [Contrato predoutoral na Universidade de Vigo para a realización dunha tese no campo do Procesado da linguaxe Natural](#)
4. [contrato de Técnico Superior de Investigación en Temas de Estadística Multivariante \(Univ. Politécnica de Valencia\)](#)
5. [Prazas de Two Tenure-Track Assistant or Associate Professors na Tilburg University](#)
6. [CXXVIII Curso de Posgrao \(2019-2020\) de Formación de Especialistas en Investigación Social Aplicada e Análise de Datos \(CIS\)](#)
7. [Congreso: Numerical Analysis and Optimization](#)
8. [X International Workshop on Locational Analysis and Related Problems](#)
9. [CodaCourse'20: a course on compositional data](#)

1.- Prazas de profesor visitante no Departamento de Estatística da Universidad Carlos III de Madrid

O Departamento de Estatística da Universidad Carlos III de Madrid (UC3M) oferta dúas prazas a tempo completo de Profesor Visitante (*Visiting Assistant Professor - non-tenure-track positions*) para a docencia de materias específicas de Estatística e demais materias dentro das liñas de investigación do departamento. A data esperada de inicio é o 15 de xaneiro de 2020.

Salario bruto aproximado: 24000€ anuais.

Data límite de solicitudes: 1 de decembro de 2019.

Máis información na páxina web do departamento:

<http://www.uc3m.es/departamento.estadistica>

2.- Praza de técnico de apoio na Rede tecnolóxica de Matemática Industrial

A Rede tecnolóxica de Matemática Industrial (*Rede TMATI*) ofrece un posto como técnico de apoio na consolidación e na xestión para fomentar a transferencia de tecnoloxía á industria, no ámbito da simulación numérica, estatística e optimización.

Entre os obxectivos marcados está o estreitamento de lazos de cooperación entre a Universidade e a Empresa, a xestión da actividade de transferencia e valorización dos resultados de investigación, o desenvolvemento de actividades de transferencia tecnolóxica dirixidas ao sector empresarial e industrial, así coma captar novas colaboracións para o desenvolvemento de accións de transferencia con distintos sectores productivos industriais.

Salario bruto mensual: 1555,96€

Duración do contrato: 6 meses.

Máis información: http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/2703_gl.pdf

3.- Contrato predoutoral na Universidade de Vigo para a realización dunha tese no campo do Procesado da linguaxe Natural

O *COLE research group* (<http://grupocole.org/>) da Universidade de Vigo convoca unha praza predoutoral a tempo completo para a realización dunha tese no campo do Procesado da linguaxe Natural.

Salario: 13000€ anuais.

Máis información en: <https://jobs.grupocole.org/>

4.- Contrato de Técnico Superior de Investigación en Temas de Estadística Multivariante

A Universitat Politècnica de València ofrece un contrato de técnico superior de investigación en temas de estadística multivariante.

Duración: ata febreiro de 2022.

Salario mensual: 1700€ + 2 pagas extraordinarias

Para máis información, contactar co profesor Manuel Zarzo (mazarcas@eio.upv.es) ou no link <http://www.upv.es/entidades/SRH/conypi/U0830982.pdf>

5.- Prazas de profesores asociados na Tilburg University

O *Department of Econometrics and OR* da *Tilburg University* (<https://bit.ly/31Ltfug>) ofrece dúas prazas de profesor asociado (*two Tenure-Track Assistant or Associate Professors*) no campo da economía, das finanzas e da estatística.

Máis información: <https://econjobmarket.org/positions/6243>

6.- CXXVIII Curso de Posgrao (2019-2020) de Formación de Especialistas en Investigación Social Aplicada e Análise de Datos

O Curso de Posgrao ten como fin contribuír á formación de titulados universitarios superiores en técnicas de investigación social, profundizando na recollida de datos e á análise, interpretación e presentación dos mesmos, desde un punto de vista práctico.

O curso é presencial e estrutúrase en dous módulos:

- *Módulo 1.* Metodoloxía de investigación en ciencias sociais.
- *Módulo 2.* Análise e interpretación de datos de enquisas.

As ensinanzas de cada módulo inclúen clases teóricas e prácticas tutorizadas por membros do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS).

Número de prazas: 24

Máis información en: http://www.cis.es/cis/opencms/ES/6_formacion/CursoPosgrado/

7.- V Congreso “Numerical Analysis and Optimization”

O V Congreso trianual “Numerical Analysis and Optimization” (NAOV-2020), celebrarase na Sultan Qaboos University (Muscat, Oman) do 6 ó 9 de xaneiro de 2020.

Máis información: <http://conferences.squ.edu.om/NAOV-2020/home>

8.- X International Workshop on Locational Analysis and Related Problems

A décima edición do workshop IWOLOCA terá lugar os días 23-24 de xaneiro de 2020 en Sevilla. Está organizado pola Red "Localización y Problemas Afines" e o grupo de traballo de Localización da SEIO (GELOCA).

Máis información en: <http://redloca.ulpgc.es/en/redloca20.html>

9.- CodaCourse'20: a course on compositional data

O CodaCourse'2020 (CoDa) é un curso dunha semana de duración sobre a análise de datos composiciónais que se celebrará na Universidade de Girona (UdG) do 6 ó 10 de xullo de 2020. Está organizado polo grupo de datos composiciónais da UdG e acreditado pola IAMG (<https://www.iamg.org>) e a CoDa-Association (<https://www.codassociation.org/en/>).

Máis información en: <http://www.compositionaldata.com/codacourses.php>

Infórmase a todos os interesados en difundir algunha nova en especial que poden propoñer a súa inclusión no boletín da SGAPEIO a través do contacto asaavedra@uviqo.es.